



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.E.I.P. JOSEFA ALONSO DE ALONSO**

Rúa Manuel Cominges, 14 - 36213 Matamá - Vigo - Teléfono: 886.12.02.46 - CIF: S8600053F

ceip.josefa.alonso@edu.xunta.es

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN 5º E. P.**

### **METODOLOXÍA**

As tarefas que se propoñen ao alumnado para o desenvolvemento das competencias e a consecución dos obxectivos basearanse por un lado nas propostas polo material didáctico e por outro lado nun proxecto educativo coa seguinte temática: “Os animais e a TV” como parte do PDI do centro " Os animais".

As actividades estrutúranse da seguinte forma:

- De introdución/motivación. Serven para saber as ideas previas sobre o tema e para motivar.
- De desenvolvemento. O alumnado ponse en contacto cos contidos, coas tarefas, etc.
- De consolidación. Serven para afianzar e aplicar as aprendizaxes asimiladas.
- De avaliación: aínda que calquera actividade pode ser avaliada, convén seleccionar actividades para avaliar as aprendizaxes acadadas nun momento concreto.
- De reforzo. Para aqueles alumnos/as que non asimilaron ben os contidos.
- De ampliación. Permiten seguir construíndo coñecementos ó alumnado que asimilou ben os contidos.

A metodoloxía empregada corresponde a un aprendizaxe de tipo cooperativo, no que o alumnado en pequenos grupos de 4 alumnos/as será o protagonista da aprendizaxe.

Estes grupos formarán, así mesmo, parte dun gran grupo que ten como obxectivo final o traballo en equipo e conseguir un sentimento de pertenza, todos somos necesarios e formamos parte deste equipo. Somos un puzzle perfecto.

Os grupos estarán compostos por alumnos e alumnas que adoptarán diferentes roles segundo as súas características e as súas necesidades. Estes roles serán os seguintes:

- Coordinador.
- Secretario.
- Portavoz.
- Axudante.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**C.E.I.P. JOSEFA ALONSO DE ALONSO**

Rúa Manuel Cominges, 14 - 36213 Matamá - Vigo - Teléfono: 886.12.02.46 - CIF: S8600053F

ceip.josefa.alonso@edu.xunta.es

A dinámica diaria será consensuada e distribuída ao principio de cada xornada mediante unha asemblea en gran grupo.

Na aula contaremos con dous recantos, o da convivencia e o das Tics.

Cabe recordar que estamos ante unha programación aberta e flexible que se irá axustando ó longo do curso no caso de ser necesario. Baséase nos principios LOMCE de individualización, normalización e inclusión.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

As porcentaxes que configuran a nota final será o seguinte.

- 60% Contidos adquiridos da área correspondente.
- 40% Participación no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe( 10% Traballo diario, 10% actitude, 10% participación na dinámica de aula e 10% traballo cooperativo)